



NOTIFICACIÓN

Polo presente poño no seu coñecemento que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 27/11/2023, co quórum regulamentario, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

6.b) Proposta de aprobación do inicio do expediente de convocatoria de subvencións en concorrencia previstas no rozamento do exercicio 2023, para o fomento do deporte individual (Exp. TEdEC 2023/A002/000001).- A Xunta de Goberno coñece da proposta da Alcaldía que seguidamente se transcribe:

“Tal e como quedaba reflexado na providencia de Alcaldía que iniciou o expediente para poder activar as subvencións en concorrencia que aparecen no orzamento prorrogado, ocorre que en todos os exercicios, nas bases de execución do orzamento incorpóranse unhas bases específicas para as subvencións que anualmente concede o Concello de Neda, para as de convocatoria en concorrencia, pero tamén para as previstas nominativamente no Orzamento. A través das ditas bases trátase de regular o réxime xurídico de aplicación, e así mesmo, recóllense as finalidades de tales subvencións, coa descrición da aplicación orzamentaria de imputación, a denominación e o importe concedido.

Dado que actualmente o Concello está a traballar co orzamento prorrogado do exercicio anterior, e sendo intención deste equipo de goberno que se levaran a cabo os trámites precisos para a convocatoria das subvencións en concorrencia previstas no Orzamento prorrogado; esta alcaldía, en meses anteriores, propuxo que por parte da intervención municipal se emitira informe relativo á posible concesión de varias liñas de subvencións previstas no orzamento do presente exercicio. Unha das ditas liñas era a seguinte:

Aplicación	Denominación	Importe
341 480.13	Subvencións para fomento do deporte individual	4.000,00 €

Dado que para poder atender isto era necesario: por unha banda dotar crédito para elo; e por outra banda, modificar as bases de execución do orzamento a fin de introducir nun novo anexo as bases reguladoras que van a rexer a concesión desta nova liña de subvencións destinada a fomentar o deporte individual.

Tendo en conta que, en relación ao tema do crédito, este xa estaba dotado no orzamento actual; pero que non se tiñan aprobado as bases reguladoras que habería que aplicar para tramitar a concesión destas axudas; o Pleno municipal celebrado o día 19 de outubro de 2023 aprobou o texto definitivo de tales bases.

Tras levar a cabo o procedemento de publicación correspondente a fin da aprobación definitiva e entrada en vigor das ditas bases, no BOP nº 222 do día 21.11.2023 publicouse o texto definitivo das bases reguladoras que van seguirse para poder conceder este tipo de axudas. En consecuencia, tales bases están xa actualmente en vigor.

Tendo en conta pois que as bases reguladoras das distintas liñas de axudas que este Concello ven dotando habitualmente no seu Orzamento apróbanse no marco das Bases de Execución do Orzamento, a través da súa inclusión como anexos ás ditas bases, en aplicación do disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións,

Resultando que actualmente xa están incorporadas ás bases de execución do orzamento as bases reguladoras da concesión de subvencións para o fomento do deporte individual, e tendo en conta que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase de oficio mediante acordo de aprobación da convocatoria e do gasto, adoptado pola Xunta de Goberno Local;



previa fiscalización da existencia de crédito adecuado e suficiente pola Intervención, ordenando o inicio dos trámites do procedemento de concesión.

Considerando que xa consta no expediente o documento RC co número de operación 220230006962, acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente por importe de 4.000,00€ para esta finalidade,

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Que se aprobe o inicio da convocatoria e a autorización do correspondente gasto, para a concesión de subvencións para o fomento do deporte individual que se inclúe no cadro seguinte, considerando tamén o importe proposto, ordenando así a publicación da convocatoria e bases reguladoras:

a) BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONÍS MUNICIPAIS PARA O FOMENTO DO DEPORTE INDIVIDUAL (forman parte dun anexo das Bases de Execución do orzamento), de acordo co seguinte detalle:

Subvención	Denominación	Subvención municipais para fomento do deporte individual
	Crédito dispoñible	4.000,00 €
	Partida de imputación	341 480.13

Segundo. Que se remitan á BDNS os datos necesarios para que se leve tamén a cabo a publicidade desta convocatoria na dita base de datos, a fin de que así se poida iniciar a tramitación deste procedemento coa presentación das solicitudes por parte das persoas interesadas. Unha vez a BDNS remita esta convocatoria ao boletín correspondente (neste caso ao BOP da provincia da Coruña) e o BOP publique a mesma, comezará a contar o prazo previsto nas bases para a presentación de solicitudes, e que é de vinte días naturais contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOP.

Terceiro. Que se leve tamén a cabo a publicación do anuncio desta convocatoria na páxina web do concello, unha vez sexa publicado no BOP, a fin de darlle máis difusión a esta convocatoria.

Cuarto. Que se siga o procedemento previsto nas bases reguladoras da concesión desta subvención municipal en concorrencia para o fomento do deporte individual, e que figuran no anexo das Bases de Execución do Orzamento.”

A Xunta de Goberno dáse por informada e, por unanimidade, acorda aprobar a anterior proposta, quedando convertida en acordo nos termos nos que se deixa transcrita.

En Neda, na data que se indica na firma electrónica.

O Secretario Xeral.

Asdo.: Alejandro R. Antelo Martínez.

**Servizos Económicos do Concello.
Neda.**